

## **INSTRUCCIÓN IV/2018 DA XERENCIA DA USC RELATIVA Á CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA NA UNIVERSIDADE DENDE A ENTRADA EN VIGOR DA NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.**

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aprobada cun amplo respaldo parlamentario e que entrará en vigor o día 9 de marzo de 2018, ten por obxecto, segundo establece o seu artigo 1, "regular a contratación do sector público, co fin de garantir que esta se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa."

Para concretar ese obxectivo, o artigo 28, "Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación", establece no apartado 4 que "as entidades do sector público programarán a actividade da contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente..."; pola súa parte, o artigo 29.1 indica que "a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización das mesmas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos"

Por outra parte, o artigo 101 establece as regras para fixar o valor estimado do contrato, en principio referido ao importe total das obras, servizos ou subministracións a contratar polo órgano de contratación, é dicir, pola USC.

Tendo en conta eses preceptos, a USC deberá programar a actividade de contratación en función do tipo de financiamento da actividade, de forma que:

- Os responsables das actividades financiadas con fondos propios da USC establezan un plan anual ou plurianual de contratación pública no momento de iniciar o exercicio orzamentario.
  - o Enténdense como actividades financiadas con fondos propios as vinculadas aos créditos asignados no orzamento para o funcionamento ordinario dos centros, departamentos, servizos e estruturas de apoio á docencia e a investigación, así como os créditos non afectados asignados aos Programas de Investigación de Xestión Integrada (PIXI) ou aqueles outros centros de gasto sen financiamento externo.

- Os responsables das actividades con financiamento afectado deberán definir o seu plan de contratación no momento no que se formalice o financiamento e se coeiza a duración da actividade financiada.
  - o Son actividades con financiamento afectado as de docencia non oficial (estudos propios), as de reunións científicas e similares, as actividades subvencionadas trala participación en procesos de concorrencia competitiva, e as necesarias para o desenvolvemento dun convenio ou dun contrato para prestar servizos a terceiros.

Tendo en conta que a programación da contratación é un requirimento non esixido ata o momento, e que supón un traballo específico a abordar con rigorosidade e precisión, é necesario establecer normas para asegurar que nun prazo viable a USC poda dispoñer dese instrumento de ordenación e racionalización da súa actividade contractual.

Noutra orde de cousas, a LCSP define, entre outros, os seguintes procedementos de adxudicación de contratos de obras, subministracións e servizos:

- Contrato menor
- Procedemento negociado sen publicidade
- Procedemento aberto con ou sen publicidade no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE)
- Procedemento aberto simplificado ordinario e de trámite abreviado

No que atinxe ao contrato menor, a Lei establece no seu artigo 118.3 unha obriga que afecta aos procedementos actualmente utilizados nas administracións, que consiste en esixir que o órgano de contratación, que na USC é o reitor, comprobe que o contratista non teña subscrito contratos menores coa universidade que, individual ou conxuntamente, superen a cifra de 15.000 euros para os contratos de subministracións ou servizos e de 40.000 para os de obras nun exercicio económico.

Para facilitar a contratación de obras, servizos ou subministracións fóra do procedemento do contrato menor, a Lei habilita no seu artigo 159.6 un procedemento aberto simplificado de trámite abreviado, que pode ter grande utilidade para a contratación pública na USC, cuxas características son as seguintes:

- O valor estimado do contrato (VEC) será igual ou inferior a 80.000 € no caso de obras e a 35.000 € no caso de subministracións ou servizos
- O procedemento de adxudicación deberá ser integramente electrónico con publicación no perfil de contratante da USC, podendo participar calquera interesado apto para contratar co sector público
- Este procedemento non require intervención da mesa de contratación, pero nos pregos deben fixarse criterios de adxudicación exclusivamente avaliábeis mediante a mera aplicación de fórmulas, excluíndose os avaliábeis mediante xuízo de valor.

- O prazo de presentación de ofertas será de:
  - o 5 días hábiles se a contratación se refire a bens ou servizos xa existentes no mercado que non requiren de ningunha adaptación específica e previa.
  - o 10 días hábiles se a contratación non se refire a bens ou servizos correntes senón que requiren de adaptación ás necesidades formuladas pola USC.
- A duración da tramitación do procedemento (definido no anexo I), dende o inicio polo responsable do contrato ata a publicación da adxudicación, estíbase en 22 días hábiles.

Do mesmo xeito, a Lei incorpora no seu artigo 168.c)1º a posibilidade de uso do procedemento negociado sen publicidade para contratos de subministracións de produtos que se fabriquen exclusivamente para fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento, cuestión que ten relevancia para a xestión contractual na USC.

Pola súa parte, o artigo 63.4 obriga á publicación de información trimestral dos contratos menores realizados pola entidade e á publicación inmediata dos procedementos de adxudicación así como da modificación dos contratos derivados deles.

Tendo en conta estas novidades, e o feito de que aínda está pendente o desenvolvemento regulamentario da Lei, resulta evidente que a súa inminente entrada en vigor obriga a todas as administracións, en xeral, e á USC, en particular, a realizar modificacións nos seus procedementos de contratación, ben adaptándose aos novos requirimentos técnicos (medios electrónicos), ben adaptando os xa existentes aos novos requirimentos da lei ou ben coa definición de novos procedementos de xestión.

Dado que é necesario compatibilizar a necesidade de realizar eses cambios co normal desenvolvemento da actividade da USC dende o momento de entrada en vigor da nova Lei, e namentres non se diten as normas de desenvolvemento desta que no seu caso dean lugar á elaboración e aprobación do regulamento de contratación da USC, previsto no artigo 181 dos Estatutos,

**O xerente RESOLVE:**

#### **PRIMEIRO: Programación da contratación**

Para posibilitar a elaboración da programación anual das actividades de contratación de obras, servizos ou subministracións sen financiamento afectado, que facilite a racionalidade no uso de fondos públicos, as distintas unidades con atribucións de gasto remitirán ao Servizo de Xestión Económica (SXE) antes do 1 de xuño de 2018, co visto e prace do director do centro de gasto, unha previsión, valorada economicamente, dos servizos, subministracións ou obras que esperan acometer no segundo semestre de 2018 con cargo ao orzamento de que dispoñen.

A mesma previsión deberá ser remitida, no mesmo prazo, pola vicerreitoría responsable de I+D+i e pola unidade con competencia na xestión de estudos propios para as actividades vixentes con financiamento afectado.

Así mesmo, antes do 1 de xullo de 2018, deberán realizar unha previsión de contratación para o 2019, supoñendo que o importe do orzamento nese exercicio fose idéntico ao dispoñible en 2018, para, no seu caso, aprobar a programación da contratación, xunto co orzamento dese exercicio.

Para os sucesivos exercicios, esta planificación anual de actividades deberá remitirse antes do 1 de xuño de cada ano aos efectos da incorporación da programación anual da contratación da USC nos orzamentos.

Esta información será remitida no modelo normalizado subministrado pola Xerencia e distribuído ás unidades antes do 1 de maio de 2018.

Con esta información, o SXE analizará a tipoloxía dos contratos e os seus valores estimados e elevará esa información á Xerencia para que esta impulse a definición dun plan de licitacións públicas para os distintos tipos de servizos, subministracións ou obras que facilite a aplicación dos procedementos de contratación máis acaídos para atender as necesidades das distintas unidades e servizos da institución.

#### **SEGUNDO: Valor estimado dos contratos (VEC)**

Para os efectos dos procedementos de adxudicación aos que se refire o apartado terceiro desta instrución, entenderase por VEC, ademais do orzamento base de licitación do contrato, IVE non incluído, calquera forma de opción eventual, a totalidade das modificacións á alza que foran previstas nos pregos e as eventuais prórrogas do contrato.

#### **TERCEIRO: Procedementos de adxudicación.**

a) O procedemento ordinario de contratación para atender as necesidades de adquisición de bens e servizos das actividades desenvolvidas polas unidades descentralizadas da USC será o procedemento aberto simplificado de trámite abreviado, dentro dos límites cuantitativos indicados no Anexo I.

Para os efectos da aplicación deste procedemento, son unidades descentralizadas aquelas que teñan a consideración de centro de gasto por contar con partidas asignadas especificamente no orzamento e sobre as que existan competencias de xestión orzamentaria atribuídas a un director de centro de gasto. Estas unidades poderán promover a contratación de obras, servizos e subministracións tomando como referencia para determinar o valor estimado do contrato o seu ámbito específico de actuación.

Con independencia desa atribución, a Xerencia, no marco da programación anual da contratación á que fai referencia o punto primeiro desta instrución, poderá agregar as propostas de contratación das distintas unidades para o mesmo tipo de servizos, obras ou subministracións, aos efectos de unificar o procedemento de adxudicación deles.

b) O procedemento negociado sen publicidade poderá ser instado polas citadas unidades cando se dean as circunstancias que se detallan no anexo II da presente instrución, previa solicitude do responsable do contrato á mesa de contratación para que, de ser o caso, esta eleve a correspondente proposta de autorización da aplicación deste procedemento ao órgano de contratación.

c) Cando unha unidade ou servizo necesite facer uso da alternativa do contrato menor para servizos ou subministracións cuxo valor estimado estea comprendido entre os 1.000 e os 15.000 euros, o director de centro de gasto deberá solicitar autorización previa á Xerencia de acordo co procedemento establecido no Anexo III. No caso de non obter esa autorización por ter superado o contratista o límite máximo cuantitativo de contratación para a aplicación dese procedemento, deberá solicitar autorización para contratar con outro provedor ou utilizar o procedemento aberto simplificado de trámite abreviado. Dende a Xerencia comunicárase, semanalmente, ás distintas unidades e servizos os contratistas que xa non podan ser titulares de contratos menores por ter esgotado eses límites cuantitativos.

d) Para os restantes procedementos de contratación establecidos na LCSP, principalmente o aberto nas súas distintas modalidades (con ou sen publicidade no DOUE e simplificado de trámite ordinario) e os de negociación con publicidade, será necesaria a tramitación dun expediente de contratación a través do SXE.

En todos os casos, na documentación previa á licitación (folia de pedimento ou anexo de especificacións do contrato) deberá informarse da necesidade de celebración do contrato, para o cal se establecerán modelos normalizados.

O Servizo de Xestión Económica:

- Realizará a publicación das adxudicacións de contratos menores e de ser o caso das súas modificacións, de conformidade cos requirimentos da Lei.

- Realizará a publicación no perfil do contratante das licitacións e adxudicacións, e no seu caso das modificacións contractuais, derivadas do procedemento aberto simplificado de trámite abreviado.

- Tramitará todos os demais procedementos de contratación previstos na Lei que requiran da intervención da Mesa de Contratación da USC.

#### **CUARTO: Gastos menores**

Con carácter transitorio, mentres non se implementen os requirimentos técnicos e de planificación definidos na lei, autorízase a realización de gastos menores de valor estimado acumulado por partida orzamentaria inferior ou igual a 1.000 euros cun mesmo provedor, formalizados mediante folla de pedimento.

A presente instrución derroga a VI/2017 da Xerencia da USC sobre contratación administrativa, relativa a obrigas de publicidade nos procedementos negociados.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

O Xerente

José Manuel Villanueva Prieto  
(Asinado electrónicamente)

## ANEXO I. PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO. TRÁMITE ABREVIADO (ARTIGO 159.6 LCSP)

Valor estimado do contrato igual ou inferior a 80.000 euros en obras e a 35.000 euros en servizos e subministracións, IVE non incluído

### Configuración legal:

- Non se poderá aplicar este procedemento aos contratos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual
- A tramitación do expediente de contratación ten as seguintes particularidades:
  - Publicación de anuncio exclusivamente no perfil de contratante
  - Non é precisa a intervención da mesa de contratación
  - O prazo de presentación de proposicións non será inferior a dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación no perfil
  - Cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado o prazo será de 5 días hábiles\*
  - Eximirase aos licitadores da xustificación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional
  - A oferta entregárase nun único sobre ou arquivo electrónico
  - Entre os criterios de adjudicación previstos no PCAP non pode haber ningún avaliable mediante xuízo de valor.
  - As ofertas avalliaranse, en todo caso, con arranxo a criterios de adjudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos
  - A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos, ou coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación
  - Garantírase, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realiza ata que remate o prazo para a súa presentación
  - Non se celebrará acto público de apertura de proposicións\*\*
  - As ofertas presentadas e a documentación relativa á súa valoración serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición algunha dende o momento en que se notifique a adjudicación do contrato
  - Non se requirirá constitución de garantía definitiva
  - A formalización do contrato poderase efectuarse mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adjudicación
  - Todos os licitadores deben estar inscritos no ROLECE ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia\*\*\*
- Nos casos de declaración de urxencia do expediente de contratación non se producirá redución de prazos

\*Consideraranse como bens dispoñibles no mercado aqueles que sexan de acceso inmediato en establecementos comerciais e que non requiran dunha detallada descrición das prescricións técnicas por estar estas normalizadas. Este deberá ser o suposto de aplicación máis frecuente deste procedemento simplificado de trámite abreviado

\*\*Na Área de Infraestruturas poderase habilitarse un procedemento específico de apertura pública de proposicións de xeito descentralizado

\*\*\*Consonte co previsto na disposición transitoria terceira da LCSP, ata que transcorran seis meses da entrada en vigor da lei (o 9 de setembro de 2018), non será exhibible esta obriga

## ANEXO II. PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE NA USC (ARTIGO 168 DA LCSP)

### Supostos de aplicación (só se contemplan aqueles que puideran ser de aplicación máis frecuente na USC):

- Nos contratos de obras, subministracións e servizos, cando unha imperiosa urxencia resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a el, demande unha pronta execución do contrato que non poida lograrse mediante a aplicación da tramitación de urxencia\*
- Nos contratos de subministracións e servizos, cando estes só poidan ser encomendados a un empresario determinado, porque non exista competencia por razóns técnicas ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial. Este suposto só se aplicará cando non exista unha alternativa ou substituto razoable e cando a ausencia de competencia non sexa consecuencia dunha configuración restritiva dos requisitos e criterios para adxudicar o contrato
- Nos contratos de subministracións, nos seguintes casos:
  - ✓ cando se trate de entregas adicionais efectuadas polo provedor inicial que constituían unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente, ou unha ampliación das subministracións ou instalacións existentes, se o cambio de provedor obrigase ao órgano de contratación a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e de mantemento desproporcionadas. A duración destes contratos, non poderá, por regra xeral, ser superior a tres anos
  - ✓ Cando os produtos se fabriquen exclusivamente para fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento; esta condición non se aplica á produción en serie destinada a establecer a viabilidade comercial do produto ou a recuperar os custos de investigación e desenvolvemento\*
- Nos contratos de servizos, cando o contrato en cuestión sexa a consecuencia dun curso de proxectos e, consonte ás normas aplicables, deba adxudicarse ao gañador. En caso de que existan varios gañadores, deberase invitar a todos eles a participar nas negociacións

### Particularidades do expediente de contratación:

- Non é necesario publicar un anuncio de licitación
- En todo caso, deberá existir negociación cos licitadores capacitados tecnicamente para a execución do contrato. Cando unicamente participe un candidato, e sempre e cando sexa posible, a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación, deberá negociar con el
- Na USC a mesa de contratación deberá propoñer ao órgano de contratación a autorización deste procedemento en todos os supostos citados. Para iso, o director do centro de gasto propoñente do contrato deberá formular unha petición formal á mesa achegando, xunto co anexo de especificacións do contrato e do prego de prescricións técnicas particulares e, no seu caso, o certificado de exclusividade da empresa licitadora, un informe debidamente razoado sobre as causas que motiven a solicitude e a aprobación do procedemento

\* Na USC estes serán os dous supostos de utilización máis frecuente, no caso de contratos que contén con financiamento externo afectado, cando os prazos para a xustificación do gasto establecidos polo ente que achegue o financiamento sexan excesivamente curtos e non permitan lograr unha pronta execución do contrato pola vía da declaración de urxencia do expediente



### ANEXO III. PROCEDEMENTO PARA OS CONTRATOS MENORES DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS

#### CONFIGURACIÓN E REQUIRIMENTOS

**Valor estimado dos contratos:** debe ser inferior a 40.000 euros en obras e a 15.000 euros en servizos e subministracións. Estas cantidades non inclúen o IVE

**Adxudicación:** poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación

**Duración máxima dos contratos:** 1 ano, sen posibilidade de prórroga

#### Obrigas do responsable do contrato:

- Solicitar a autorización para a formalización do contrato menor no enderezo web: <https://www.usc.es/xerencia/contratosmenores>
- Aprobación do gasto (folia de pedimento)
- No caso dos contratos de obras, achegar o seu orzamento e un proxecto cando normas específicas así o requiran
- Tramitación da factura correspondente debidamente comprobada e conformada

#### Obrigas do órgano de contratación, autorizar ou denegar a celebración do contrato tras verificar:

- A necesidade de celebración do contrato
- A xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación
- A comprobación de que o contratista non subscribiu coa USC contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros en contratos de obras e de 15.000 euros nos de servizos e subministracións. **Esos límites cuantitativos computaranse por exercicio económico e as limitacións por provedor refírense a cada tipo de contrato (obras, servizos e subministracións) e non a unha prestación determinada (trátase dun límite individualizado por provedor e tipo contractual)**

**Publicidade:** deberá realizarse cando menos trimestralmente a publicación no perfil de contratante da información relativa a estes contratos ordenada pola identidade do adxudicatario. Esta información deberá incluír como mínimo os datos relativos ao obxecto, duración, importe de adxudicación, incluído o IVE e identidade do adxudicatario

Para calquera aclaración ou resolver calquera incidencia relativa ao procedemento para os contratos menores: [xerencia.contratosmenores@usc.es](mailto:xerencia.contratosmenores@usc.es)



## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/03/2018 12:54:56.

**CSV:** 40E4-0FAD-492A-A3C1

**ANEXO**  
**XESTIÓN ADMINISTRATIVA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO TRÁMITE ABREVIADO**

FASES	Responsable	Descrición das tarefas
Preparación	Responsable do contrato / Director Centro de Gasto	Proposta económica e de criterios para a avaliación das ofertas (unicamente por fórmulas) e, no seu caso, identificación do ente financiador. Anexo de especificacións do contrato
		Proposta técnica (Prego de prescricións técnicas particulares)
		Xustificación da necesidade de celebración do contrato. Anexo de especificacións do contrato
	RAE	Retención de crédito/Proposta de gasto
Inicio *	RAE	Remisión ao SXE da documentación preparatoria
Fiscalización gasto *	SCI	Fiscalización retención de crédito
Anuncio licitación *	SXE	Revisión documentación
		Publicación no perfil do contratante
Recepción de propostas	Rexistro USC	Rexistro e remisión ao Xefe da Unidade / Vicerreitoría Invest/ Xerencia que custodiará as propostas sen abrir ata a finalización do prazo de presentación de proposicións
Reenvío a unidades de valoración	Xefes de Unidade / Vicerreitoría Invest /Xerencia	Unha vez finalizado o prazo de presentación, convocatoria de acto de apertura das propostas
Apertura propostas	Xefe de unidade/ Vicerreitoría Invest /Xerencia	Acta apertura propostas. Sinatura de acta
	Director Centro de Gasto	
	RAE	
Proposta de Resolución	Director Centro de Gasto/Responsable do contrato	Informe de valoración de ofertas
Envío documentación ao SXE *	RAE	Envío das ofertas, da acta de apertura e do informe de avaliación ao SXE
Resolución *	SXE	Elaboración da resolución de adxudicación
Notificación de Resolución	SXE	Publicación da resolución no perfil do contratante
Sinatura da adxudicación	SXE	Envío da resolución ao adxudicatario para a sinatura
Finalización do contrato *	RAE	Control da execución do contrato coa conformidade da factura

\* Trámites realizados a través de FLEXIA (xestor de procedementos)